

The cover features a collage of geological specimens. On the left, there are close-up views of various rock textures, including a purple mineral. On the right, a large, dark, layered rock specimen is prominent. The background is a mix of these textures.

geología 26

A Coruña

Sábado 9 de maio 2026

Santa Comba, o maior museo de rochas de Galicia

Francisco Canosa Martínez

ISSN: 2603-8889 (versión dixital)

Colección Geolodía.

Editada en Salamanca pola Sociedade Geolóxica de España. Ano 2026

Introdución

Nesta nova edición do xeolodía, a festa de divulgación da xeoloxía, descubrimos a zona de Santa Comba, onde un material o “volfram” supuxo un antes e un despois na historia deste concello a medio camiño entre a Costa da Morte, as Mariñas Coruñesas e as terras de Santiago. En canto a súa xeoloxía, esta zona emprázase na denominada Zona de Galicia Trás-os-Montes, rexión pertencente ao Macizo Ibérico e constituída principalmente por materiais magmáticos e metamórficos do Paleozoico. Todas as rochas presentes nesta zona orixináronse no hemisferio Sur e como consecuencia da dinámica terrestre desprazáronse ata a posición actual (Fig. 1). Durante esta longa viaxe de máis de 500 millóns de anos tivo lugar un salientable acontecemento xeolóxico, a colisión de dous supercontinentes, Laurusia e Gondwana, hai aproximadamente 350 millóns de anos. Por mor dese choque formouse unha gran cordilleira montañosa, chamada Oróxeno Varisco, de máis de 3000 quilómetros de lonxitude e cunha altitude superior ao actual Himalaia.




Fig. 1. Posición das rochas que forman o concello de Santa Comba (estrela amarela) nos derradeiros 500 millóns de anos. Fonte: Colorado Plateau Geosystems Website.

Qué é o GEOLODÍA?



www.geolodia.es

Geolodía é un conxunto de saídas de balde coordinadas pola SGE, guiadas por xeolox@e e abertas a todo tipo de público. Co lema “a Xeoloxía ante o reto da inclusión”, o seu principal obxectivo é amosar que a Xeoloxía é unha ciencia atractiva e útil para a nosa sociedade. Celébrase a mesma fin de semana en todo o estado.

Itinerario xeolóxico:

O percorrido escollido consta de cinco paradas (fig. 2), das que deseguido se describen os seus aspectos xeolóxicos máis salientables.




Fig. 2. Mapa topográfico co itinerario e paradas a realizar. Base topográfica do IGN.

En xeral o percorrido ten unha escasa dificultade e con accesos doados. Compre ter moito coidado na terceira parada porque existen pozos e trincheiras mineiras parcial ou totalmente cubertas pola vexetación. Entre a terceira e a cuarta parada farase un descanso para xantar no centro de Santa Comba. Dependendo das condicións meteorolóxicas e do tempo dispoñible para o desenvolvemento da actividade, as paradas programadas poderán sufrir cambios ou variacións se a organización así o considera.

Accesibilidade (para persoas con mobilidade reducida) nas paradas:

Totalmente: (5) Parcialmente: (1,3 e 4) Inaccesible: (2)

1. Fervenza de Castriz

Esta parte do concello de Santa Comba está constituída de rochas moi escuras e orixinadas a partir de materiais magmáticos cunha idade estimada de 490 millóns de anos. Eran rochas que formaban parte dun antigo océano chamado Rheico, ao pecharse transfórmanse por presión e temperatura nos materiais que se poden ver a día de hoxe neste lugar, iso tivo lugar hai 380 millóns de anos. Estas rochas metamórficas reciben o nome de anfibolitas.

O río de Mira que atravesa este terreo de anfibolitas, atópase cuns materiais algo máis resistentes, concretamente cuns niveis ricos en flasergabros. Isto dificulta o grado de erosión por parte do río e como resultado fórmase unha fervenza (fig.3). Os flasergabros, son un tipo de gabro (rocha magmática escura) que están intensamente deformados e parcialmente transformados respecto á rocha orixinal.



Fig. 3. Zona con niveis de flasergabros máis resistentes á erosión.

2. Braña da Serra

En moi poucas ocasións e en escasos lugares na Terra, un pode pisar materiais que no pasado formaban parte do Manto, capa do interior terrestre que baixo os continentes atópase a unha profundidade de ata 70 quilómetros. Eses materiais son as peridotitas e as piroxenitas, moi frecuentes nesta zona de brañas e que dada a súa toxicidade natural, son terreos improdutivos. Estas rochas mantélicas formaban parte do que se denomina ofiolita, é dicir, os restos dun antigo océano, e a súa idade sería de aproximadamente 500 millóns de anos. Xunto con elas aparecen rochas da parte máis fonda da Codia, os chamados gabros pegmatoides (fig. 4). Un tipo de rocha magmática escura e que contén grandes cristais e que tería unha idade estimada de 495 millóns de anos, ou o que é o mesmo formadas durante o período do Cámbrico superior.

A mestura de todas estas rochas, que en ocasións chega a ser caótica, indicaría o grao de intensidade dos procesos tectónicos implicados no emprazamento destes materiais en zonas máis superficiais do planeta.



Fig. 4. Detalle dun gabro pegmatoides afectado por deformación.

3. Minas de Varilongo

A Segunda Guerra Mundial supuxo un período escuro na historia do século XX, pola contra nesta parte de Galicia, ese conflito bélico deu a oportunidade de explotar un recurso novo ata o momento, o “volfram”. Nesa época foi o verdadeiro ouro negro, que mercaban nazis e aliados para fabricar material militar aproveitando as súas características físicas e químicas case únicas.

O material portador do “volfram” é a volframita, un mineral escuro, brillante e moi denso, que aparece en filóns de seixo asociado tamén a casiterita (fonte de estaño), calcopirita (fonte de cobre) e arsenopirita (fonte de arsénico). Estes filóns están en relación cos granitos de dúas micas que aparecen en Varilongo, e como resultado dun proceso de evolución do magma, os diferentes metais concentráronse nun residuo, agora en forma deses filóns de seixo. Estudos científicos determinaron que isto tivo lugar hai uns 285 millóns de anos. A explotación da volframita realizouse mediante pozos, galerías e trincheiras xa que os filóns teñen unha disposición case vertical (fig. 5).



Fig. 5. Conxunto de galerías seguindo os filóns mineralizados. En detalle unha galería na canteira da mina.

4. Capela de San Bartolomeu

Dende este espectacular miradoiro contéplase boa parte das terras do Xallas, aínda que en días con boa visibilidade poden verse lugares tan coñecidos como o monte Pindo, serra do Barbanza ou mesmo o cumio do monte Xesteiras, no concello pontevedrés de Cuntis.

Santa Comba aséntase sobre unha ampla chaira que se estende dende os Montes do Castelo ata a zona de Pino do Val. Esta superficie recibe o nome de Superficie Fundamental de Galicia, que é un elemento xeomorfolóxico típico da paisaxe galega. Aínda que se orixinou no Mesozoico, é dicir, hai máis de 100 millóns de anos, veuse afectada polo desenvolvemento dun modelado en bloques ou teclas de piano por mor da Oroxenia Alpina. Isto fixo que agora atopemos chairas ou depresións entre zonas elevadas ou montañosas.

A nivel xeolóxico, as rochas que se atopan na contorna desta capela son granitos de grao moi fino, que na maior parte das ocasións amosan unha orientación dos seus minerais, resultado da intensa presión ao que foron sometidas.



Fig. 6. Panorámica da chaira sobre a que se asenta Sta. Comba.

5. Museo xeolóxico urbano de Santa Comba

Este ano 2026 por iniciativa de varios veciños de Santa Comba e coa colaboración do concello de Sta. Comba, creouse un museo xeolóxico ao aire libre en diferentes zonas verdes do núcleo urbano. Este museo consiste na exposición de 15 exemplares representativos de rochas e minerais que se poden atopar no seu termo municipal (fig. 7).

-A exposición “O interior da Terra aos teus pés” localízase a carón do edificio Multiusos Terra de Xallas. As rochas magmáticas son as protagonistas e os exemplares que se poden contemplar son de peridotita, piroxenita, gabro, gabro pegmatoide, granodiorita, granito e pegmatita.

-Os xardíns da Casa do Pozo albergan a exposición que leva por título “Cando a Terra recicla rochas”. Aquí son as rochas metamórficas as que concentran o interese por entender os cambios que afectan ás rochas. Paragneis, episienita, xisto, anfibolita e ortogneis son os seus nomes.

-A última exposición denomínase “Os tesouros minerais de Santa Comba” atópase emprazada nos exteriores do IES Terra de Xallas, neste caso son só minerais, e están representados pola cromita, volframita e turmalina.



Fig. 7. Exemplares do museo antes da súa colocación

Coordina:



Organiza:



XEO
RUTAS

Con la colaboración de:

